

Review

LÓPEZ SILVA, Inmaculada

Newcastle upon Tyne:
Cambridge Scholars
Publishing, 2016. 223 pp.
ISBN 978-1-4438-8700-7

Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego

Iolanda Ogando
Universidad
de Extremadura

É coñecida a avultada traxectoria de Inma López Silva no ámbito da investigación sobre teatro galego, na que destacan o seu papel coma docente na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e o seu labor como investigadora e crítica teatral. De certo, as edicións dalgúns textos da literatura dramática galega, a organización de volumes colectivos ou, nomeadamente, as publicacións de carácter monográfico sobre temas coma o Certame Abrente de Ribadavia, o proceso de recepción, canonización e crítica teatrais ou aínda o seu traballo sobre a situación das artes escénicas na Galiza, tórnana unha das persoas máis coñecedoras e próximas do mundo escénico galego máis recente, cunha marcada e fonda conciencia da súa estruturación e funcionamento como sistema.

Así sendo, López Silva é hoxe en día unha das persoas máis axeitadas para publicar un libro como *Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego*, cuxo tema, extensión e obxectivo de dar conta de todos os ámbitos abranxidos sob o paraugas do termo 'institucional' esixen un esforzo considerábel para acadar, con éxito, un dos estudos de maior calado sobre a escena galega contemporánea dos últimos corenta anos. Noutras palabras, *Resistir no escenario* é un volume que, desde xa, podemos cualificar como imprescindible para calquera interesado/a en saber da evolución dese sector específico da cultura na Galiza.

O carácter abranxente do traballo apréciase ao comprobar que, no marco institucional, López Silva vai examinando as diversas faces da vida escénica galega, desde o que máis comunmente denominamos institucións (políticas autonómicas, centros dependentes da Xunta de Galicia...) até canles máis alternativas que forman parte do proceso institucionalizador do teatro como arte e sistema específico da cultura (crítica, premios, asociacións profesionais, compañías, públicos, etc.). Deste xeito, a autora realiza este percorrido en cinco capítulos que, a través de varias interconexións,

LÓPEZ SILVA, Inmaculada
*Resistir no escenario. Cara a
unha historia institucional do
teatro galego*
Iolanda Ogando

tecen unha rede de análise que revisa varios aspectos desde diferentes ángulos; esa visión fonda e transversal permitíranos, xa que logo, coñecer e comprender mellor como se foi constituíndo, afirmando e desenvolvendo o sistema teatral na Galiza autonómica.

A vontade de elaborar esa cartografía do sistema institucional da vida escénica galega resulta especialmente vísibel no primeiro capítulo, 'O sistema teatral galego, hoxe', no cal esta investigadora procura establecer de maneira clara o obxecto de estudo e as perspectivas desde as que o enfrenta. É este un capítulo moi interesante, ao pór de relevo varios dos asuntos que, como ela mesma indica, continúan pendentes de debate aínda hoxe en día, coma o carácter menor do teatro galego, a pertinencia de encarmos o seu estudo como teatro nacional ou como nacionalismo teatral (na vía suxeirada por González-Millán) ou, nun dos apartados aos que dedica especial atención, a mesma delimitación do que consideramos teatro galego. Neste punto, López Silva dálle preferencia ao criterio sistémico fronte ao filolóxico (é dicir, ao funcionamento, conexión e distribución nos palcos galegos antes cá cuestión da lingua), mais recoñece así mesmo a relevancia da escolla lingüística para entender o propio sistema nun contorno bilingüe, no que institucións e axentes son diferentes, mesmo que partillen o mesmo mercado potencial.

Ao son desa perspectiva sistémica, preocúpase de presentar e caracterizar en termos xerais neste capítulo inicial os axentes/productores (directores, autores, compañías, actores), ben coma os principais procesos de institucionalización que pasará a estudar nos capítulos seguintes. Vemos deste xeito a vontade totalizadora xa neste primeiro capítulo, valente en moitos aspectos, malia que aínda se perciba algunha dificultade para valorar en profundidade todos os vieiros iniciados, como, por exemplo, o esvaradío subapartado dedicado á categorización dos produtores en notábeis, creadores de teatro lixeiro, advenedizos... sen que dea un só nome das persoas/autores/compañías que poderían entrar nesa clasificación (o que dificulta percibir ben a realidade que pretende amosar por tras desa interesante categorización). Sen dúbida, a proximidade cronolóxica e espacial da autora en relación ás persoas que aí entrarían dificulta enormemente esa tarefa, para alén do debate que podería suscitar entre os diversos estudosos a tal clasificación, mais deixa aberta unha vía para rever a formación de compañías nos últimos trinta anos.

Xa no segundo capítulo, 'As institucións políticas e o campo do poder', López Silva tracea unha interesantísima historia do proceso de creación de institucións sobranceiras do teatro galego coma o Centro Dramático Galego (CDG), o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)... Mediante ese panorama histórico, no que adoito describe os antecedentes en forma de experiencias previas, propostas e proxectos de creación, debates dos sectores profesionais implicados, etc., podemos coñecer como se foi artellando o teatro dos anos noventa e dous mil, atendendo tanto ao que se reflectía na prensa coma aos documentos oficiais que orientaban tal desenvolvemento.

Neste capítulo dedica un grande apartado á posta en marcha do CDG, analizando pormenorizadamente as diferentes épocas (e/ou directores e directoras) cos seus correspondentes proxectos de funcionamento e, claro está, as críticas e debates que a compañía institucional foi xerando ao longo dos seus primeiros anos de existencia. Con ton obxectivo e tentando manter unha distancia que ao sector profesional lle resulta máis difícil de acadar, a

LÓPEZ SILVA, Inmaculada
*Resistir no escenario. Cara a
unha historia institucional do
teatro galego*
Iolanda Ogando

autora salienta o proceso de normalización e visibilización que supuxo para o teatro galego a creación do CDG, e, xa que logo, a necesidade e oportunidade de crear e manter esta compañía, mesmo a pesar dos medos das outras compañías á concorrencia desleal que podería supor dentro dun mercado escaso e difícil, sobre todo no tocante ao teatro en lingua galega. Se cadra, poderíamos sinalar como única eiva que, precisamente en aras desa neutralidade, López Silva só no final, e case de pasada, comenta os problemas dos desfases orzamentarios, de proxectos faraónicos (que até provocaron que o CDG non puidese itinerar polos escenarios galegos, moitas veces pequenos de máis para recibir esas grandiosas montaxes), ou de políticas un tanto erráticas que, para alén da concorrencia no mercado, distanciaron a boa parte da profesión dunha compañía que se percibía como falta de transparencia e mesmo pretenciosa para o feble sistema ao que pertencía, e que precisamente parecía descoñecer ou ignorar nalgúns momentos.

O terceiro capítulo, 'O papel das institucións na difusión do teatro', adéntrase por vieiros relativamente descoñecidos do sistema galego, coma as actividades específicas dos animadores socioculturais, o papel dos programadores teatrais na RGTA, o funcionamento das mostras e festivais, os fracasados sistemas de Compañías Estables Residentes (CER), a existencia e dinámica das salas públicas e privadas... Neste caso, este percorrido ofrécenos un dos máis actualizados panoramas da vida teatral na Galiza, dando conta do xurdimento, por veces fracaso, eivas ou dinámicas de todos estes elementos centrais do mundo escénico. É se cadra aquí onde máis achamos en falta un apartado dedicado á análise do teatro infantil, como unha das liñas de creación e exhibición que máis contribúen á formación de espectadores e que, ao mesmo tempo, permite conectar múltiples traballos ligados entre o teatro e a animación. Non por iso o libro deixa de ter un carácter totalizador, pero é innegabel que ter tratado este aspecto permitiríalle afondar na análise das vías de comunicación entre teatro para adultos, teatro infantil e animación (e a súa repercusión no sector educativo) e a súa transcendencia na profesionalización do sector teatral.

O seguinte dos capítulos, 'As institucións profesionais', detense na presentación e análise de asociacións e colectivos xurdidos desde os anos setenta. Como é obvio, a parte central aparece dedicada á Asociación de Actores (coas diferentes denominacións e agrupacións que coñeceu desde a súa creación en 1985), ao lado da cal López Silva tamén describe as asociacións de compañías e de técnicos de escena, aínda que estas últimas en menor medida.

O derradeiro capítulo, 'As institucións canonizadoras e o establecemento do rexime de valor', volve ser un dos máis abranxentes e conseguidos do libro, amosando o fondo coñecemento que López Silva posúe sobre o tema. Alén diso, a posibilidade de estudar crítica, premios, academia e editoriais, lévanos novamente a unha perspectiva totalizadora e ben interesante do funcionamento do teatro no país.

Neste apartado, a autora amosa as graves dificultades que o sistema encontra para outorgar e sobre todo afirmar ese 'rexime de valor' necesario para a creación, asentamento e normal funcionamento dun canon, ben sexa estático, ben dinámico. E, se cadra, a única eiva sería, na nosa opinión, unha declaración de parte por parte (valla a redundancia) da autora, pois quen está a falar da crítica e investigación é, como xa indicamos no inicio desta recensión, unha das máis salientábeis e constantes investigadoras e críticas na prensa galega que, non por non se deter no seu propio labor, debería deixar de facer constar o seu posicionamento no sistema. Porén, o

LÓPEZ SILVA, Inmaculada
*Resistir no escenario. Cara a
unha historia institucional do
teatro galego*
Iolanda Ogando

panorama trazado neste quinta sección do libro resulta de grande interese e, sen dúbida, deberá ser consultada por todos aqueles que queiran seguir afondando nunha análise do proceso de organización canónica do teatro galego ao longo da súa historia.

E chegamos así ás conclusións, breves e moi axeitadas para pechar un percorrido abondo exhaustivo, tremendamente minucioso en moitos aspectos e carregado de portas e xanelas abertas desde as que, sen dúbida, convirá seguir ollando e estudando o teatro galego, pero agora xa cun camiño moito máis trillado e, por iso, infindamente máis doado. O que nos indica que estamos perante un libro moi importante para o sempre reducido mundo da investigación sobre a escena.

Como Inma López Silva, tamén nós ficamos coa curiosidade de saber como se virá a completar este estudo dentro de 20 ou 30 anos, ou noutras palabras, de coñecer a evolución dese fenómeno problemático, complexo e tan suxestivo que é o teatro na Galiza.